

## Monte veciñal e plan xeral de ordena- mento municipal


**Carlos Morgade**

*Secretario da Mancomunidade de Montes de Pontevedra*

No concello de Pontevedra, nun contorno periurbano, o monte veciñal ocupa preto de 6.000 has, aproximadamente a metade do territorio. E, malia a ser unha propiedade privada (dos veciños, privada e colectiva), o monte veciñal presta grandes servizos á sociedade. Depositario de importantes equipamentos (Hospital Montecelo e "Príncipe Felipe" en Mourente, Xunqueira de Alba en Lérez, Monte Carrasco en Marcón, as ribeiras do río Lérez...) abastecedor de acuíferos e mananciais, produtor de osíxeno para contrarrestar a contaminación atmosférica (posúe máis das tres cuartas partes da superficie arborada do concello), provedor de recursos culturais e turísticos (arquitectura popular, romarías, rotas de sendeirismo, áreas recreativas...) E ademais, e non menos importante, son montes abertos para disfrute non agresivo de toda a poboación pontevedresa.

E sen embargo, o monte veciñal está desaparecido dos medios de comunicación, esquecido pola opinión pública. Os grandes servizos que presta á sociedade son obviados pola poboación urbana, que tende a consideralos de propiedade pública e mesmo ás veces critica o uso que os veciños poidan darlle ás súas terras.

No estudo da diagnose do Plan Xeral de Ordenamento Urbano (PXOM) de Pontevedra, que está en período de exposición pública, aparece por fin o monte veciñal, inda que dista moito da consideración e protección que debería ter. Recoñécese un déficit de zonas verdes, agravado pola situación de non estar esgotada a edificabilidade en moitas zonas, polo que se pretende incrementar cando entre en vigor o novo planeamento. Ademais inclúense xardíns privados (Brilat, P.Felipe, M.Biolóxica...), que non son de uso de toda a poboación e mesmo contabilízanse como zonas verdes parcelas de terreo veciñal inaccesibles.



Outra eiva do citado estudo está constituída pola inclusión como terreos deportivos o que son infraequipamentos deportivos, ás veces reducidos a descampados cheos de broza e sen ningún elemento para practicar deportes. Pola súa parte, algúns dos terreos educativos están mal ubicados, resultado da nefasta política municipal de aproveitar para equipamentos os gratuítos terreos comunais. Temos agora unha boa ocasión de artellar a corrección do problema, habilitando as pertinentes reservas de espazos para equipamentos educativos, deportivos, ambientais (puntos limpos, etc). Este déficit está recoñecido no estudo, polo que se deben dar solucións.

No inventario de bens patrimoniais non se recollen os datos dos propietarios e os encargados do mantemento destes bens. Cómpre completalo, así como aclarar a titularidade de moitas vías de uso público no concello, para establecer claramente o responsable do ser mantemento.

Un tema importante é a solución que se lle dará á demostrada incompatibilidade do solo residencial coa chamada industria-escaparate que se está a producir en todas as entradas da cidade. Desta incompatibilidade dan mostra as numerosas queixas que os veciños destas zonas teñen presentado por rúidos, cheiros e outras molestias provocadas polas industrias que se están a asentir nas parcelas aínda non construídas. Parece sensato derivar esta industria a uns pequenos polígonos a instalar nas bolsas de terreos que están entre as principais vías de entrada-saída de Pontevedra, xa que todas elas (a saída a Ourense, a de Vigo, a de Santiago e a de Marín) teñen xa zonas de edificación continua consolidada en tipoloxía lineal chamada "de fachada". A empresa que elabora este "Estudo de diagnose" considera perfectamente compatible os dous aproveitamentos e vai seguir permitindo a mestura dos usos, malia ás protestas dos veciños, e o goberno nacionalista vai aceptar este criterio. Ou quizais sexa ao revés. En todo caso unha decisión equivocada.

Neste estudo, a pesar da súa extensión, non se fai referencia á necesidade de conservar a identidade das parroquias, evitando que as zonas máis próximas á cidade se desvinculen da súa pertenza á mesma e creando novos barrios artificiais. Bótase

de menos unha máis decidida defensa e protección do patrimonio arquitectónico popular e histórico (restos arqueolóxicos, cruceiros, muíños...) e tamén a necesidade de limitar e ir reducindo as liñas eléctricas aéreas, que no rural pontevedrés son moi numerosas e afectan a moitas hectáreas.

Outro déficit importante e soamente recoñecido de xeito moi superficial é a escaseza de instalacións culturais e sociais nas parroquias. Recoñecendo que nos últimos anos se teñen dado pasos neste sentido, aproveitando a abandonada rede de escolas unitarias das parroquias, no estudo de diagnose do PXOM non aparecen nas parroquias os novos elementos de equipamento cultural e non se promove o establecemento dunha rede de locais culturais e sociais no rural.



Outra carencia que se aprecia é a fragmentación de espazos de uso público. Renúnciase a promover un gran parque natural en Pontevedra (substituído pola mellora das ribeiras do río Lérez), a pesar das grandes posibilidades que ofrece o rural do municipio. Quizais estase a pensar que os terreos das comunidades de montes poden cumprir este papel, e así aforrar recursos públicos. Teremos que recordar aquí que as terras veciñais son propiedade privada e non teñen legalmente ningunha obriga de beneficio social. Se a pretensión é que sigan cumprindo un activo papel ambiental, a administración local debe colaborar economicamente a este fin. Un tímido recoñecemento desta débeda aparece no estudo, que debe ser substituído por unha clara proposta de que os presupostos anuais municipais deben contar sempre cunha partida orzamenta-

ria destinada a promover a contribución do monte veciñal á biodiversidade e á conformación das paisaxes, desde as ribeiras do Lérez aos cumios do Castro ou de San Cibrán. Igualmente son imprescindibles os convenios coas comunidades de montes na promoción das zonas verdes comunais, compatibilizando o uso forestal ou outros de aproveitamento económico dos comuneiros con outros de beneficio social para todos os cidadáns do municipio. Non é congruente lamentarse de que soamente quedan 15 has. de carballos e despois non poñer medios para tratar de revirar esta situación.



## A Axenda 21 Local

O estudo de prediagnose do Concello de Pontevedra para a aplicación da Axenda 21 Local repasa a situación actual do municipio:

1- No tocante á vexetación, os bosques característicos son a carballeira -hoxe de reducida extensión e totalmente fragmentada- e o bosque ribeirogo ou ripisilva. Os dous teñen un valor ecolóxico fundamental. As carballeiras, comunidades forestais dominadas polo carballo e configuradas en pequenas manchas, son escasas e pequenas. Cómpre preservar as zonas de carballos do proceso urbanizador e axudar á súa recuperación e mellora, incrementando a escasa superficie que hoxe teñen (15,10 has. repartidas en catro parcelas). Outras masas mixtas (caducifolias con plantacións de piñeiros e/ou eucaliptos) deben ser controladas e as acacias australianas e mimosas, especies fortemente invasoras e sen interese natural, paisaxístico ou bioxeográfico, deben ser eliminadas pouco a pouco. Tamén existe vexetación de ribeira, localizada nas marxes dos principais ríos do concello (Lérez, Almofrei e Tomeza), e composta de amieiros, salgueiros, abeleiras, freixos, bidueiros e carballos.

No tocante aos usos actuais e potenciais do solo, o estudo recolle a situación anterior aos incendios do pasado ano, reflectindo que a superficie forestal en Pontevedra é de 6.812,3 has., o 57,63 do territorio. Dende a biodiversidade e a paisaxe, só teñen valor as carballeiras, a vexetación de ribeira e as mesturas de carballo con piñeiro ou eucalipto; en total non chegan a 1.500 has. (27,27 das 5.500 has. de monte arborado). O 48 % do monte do concello de Pontevedra é monte veciñal.

### *Aspecto ambiental do monte*

A prediagnose reconece as funcións que están cumprindo os montes periurbanos de Pontevedra:

- 1- Dotan de hábitats indispensables para certas especies.
- 2- Melloran a calidade de augas dos ríos e regueiros, e a fixación do carbono atmosférico.
- 3- Teñen unha grande dimensión social, recreativa e educativa como áreas de recreo ao aire libre. O aproveitamento madeireiro é un uso compatible coa conservación do valor natural e social do monte.



### *As ameazas*

O estudo reconece claramente as ameazas que dificultan e poden chegar a impedir o cumprimento destas funcións. Algunhas destas ameazas teñen hoxe xa considerable envergadura:

- Pouca diversidade específica.
- Contaminación das augas
- Problemática dos campos de tiro.
- Excesiva superficie afectadas por liñas eléctricas
- Gran número de explotacións mineiras
- Excesivas pistas asfaltadas dos montes
- Falta de acondicionamento dos camiños
- Vertedoiros incontrolados
- Incendios forestais

Entre as unidades que requiren protección, salientáanse os bosques (bosque ripario e carballeira galaico-portuguesa, os soutos e dous Lugares de Interese Comunitario: o río Lérez e a Enseada de San Simón), os cumes e outeiros, e os enclaves urbanos (hábitats illados, viables para a vida silvestre se poden estar conectados co medio rural dos arredores).

Na identificación dos elementos impactantes, a prediagnose adoce de carencias significativas: non constata a desaparición progresiva de pequenos espazos de uso comunal nas parroquias (varios centos, malia a estaren rexistradamente inscritos como terreos municipais) e tamén a redución e perigo de eliminación de espazos de uso público e interese cultural que son fitos socio-culturais da vida parroquial (cruceiros, petos de ánimas, etc).

### *Sistemas medioambientais*

No ciclo da auga, o estudo recolle a rede de abastecemento municipal, que atende só á cidade e parte das parroquias de Mourente, Lérez e Lourizán. Na zona rural existen traídas veciñais e case todas as casas teñen pozo. Como en case toda a zona rural non hai servizo, cómpre ampliar a depuradora e novas liñas de bombeos de cota 100 a 210 m. Verbo do consumo, aporta o dato do consumo medio por vivenda, que é de 0,885 m<sup>3</sup>/día, e tomando como hipótese 3 residentes/vivenda, significa un consumo aproximado por persoa de 300 l/hab.

Máis adiante fai un repaso á situación do saneamento, que califica de "non óptimo" na zona urbana e case inexistente nas parroquias.

Unicamente as zonas abeiradas á cidade dispoñen de rede en servizo. Deficiencias semellantes son tamén constatadas na recollida de residuos.

### *Conclusión*

Dos once obxectivos xerais de sustentabilidade da Carta de Aalborg, onde se aprobaron os principios programáticos da Axenda 21, a consecución de sete deles obriga ao Concello a un consenso coas comunidades de montes, ora porque son as propietarias de boa parte do patrimonio natural e ambiental, ora porque tamén son as propietarias dos terreos onde se asenta boa parte do chamado patrimonio histórico-artístico (cruceiros, mámoas, castros, etc) ou turístico (rotas de sendeirismo, miradores...) . Adxudicarlle unilateralmente a tarefa de ser restauradoras e conservadoras deste extenso patrimonio para o seu disfrute por toda a sociedade é unha carga excesiva para os seus recursos e onerosas para as súas obrigas legais de propietarios privados. As administracións públicas, e singularmente a local, deben colaborar no mantemento destes recursos.

Obriga semellante deben estar contemplada no orzamento municipal anual ao abordar a cuestión das masas forestais e o seu ordenamento. Co obxectivo recoñecido e consensuado de paliar o déficit de bosque autóctono, a corporación local debe asinar convenios de colaboración coas comu-

nidades de montes para compatibilizar nestes espazos o aproveitamento económico co uso social e acordar criterios comúns sobre a conformación das paisaxes.

Ao cabo, tanto o estudo da diagnose do PXOM como o da prediagnose da Axenda 21 Local son basicamente recopilatorios de datos, cun exceso da parte expositiva e unha pobreza na diagnose que revela un achegamento moi superficial á situación. Como material de debate é insuficiente e está incompleto. Nótase demasiado que os textos presentados foron elaborados por técnicos. A exposición pública iniciada a primeiros de outubro debe contribuír a melloralos coas aportacións de veciños, colectivos e asociacións. E as autoridades farán ben es estudar atentamente as suxerencias dos cidadáns. Porque dúas das eivas máis importantes son que non se explicitan claramente os baremos locais de sustentabilidade nin se establecen os mecanismos de participación social, sinais da necesidade de que os documentos deben pasar pola peneira do cidadán de base, do que vive todo o ano no municipio, do que o sofre e o disfruta. E coa participación activa dos veciños no ordenamento dos espazos, o proxecto enriquecerase. Sen dúbida.

